

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- Feijóo garante a aposta pola dinamización do rural coa creación de 30 novas casas niño en 2017 e co obxectivo de que en 2020 todos os concellos teñan unha casa niño ou unha escola infantil
- Feijóo destaca a consolidación da Tarxeta Benvida cunha achega inicial de 18 millóns en 2017 para incluír máis produtos e ampliar os beneficiarios
- A Xunta de Galicia, a Fiscalía e a Delegación do Goberno asinan un protocolo para mellorar a coordinación e axilizar a atención aos menores estranxeiros en risco de desprotección
- Feijóo anuncia a incorporación de 775 novos usuarios ao servizo de libranzas, consolidando unha cobertura de persoas dependentes por riba da media estatal
- A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade visita os participantes do programa Xuntos polo Nadal na residencia de tempo libre do Carballiño
- Rey Varela aposta por afondar na política que permitiu superar o resto de comunidades na atención a maiores e dependencia na toma de posesión da nova directora xeral
- Rey Varela destaca a Estratexia de inclusión e a nova Axenda Social de Galicia como dous piares fundamentais para loitar contra a pobreza e a exclusión
- A Xunta aproba un ano máis o complemento extraordinario de máis de 200 euros para os preto de 40.000 perceptores de pensións non contributivas
- José Manuel Rey Varela clausura o Xuventude Crea 2016, que contou coa participación de máis de 300 mozos en 241 proxectos
- O conselleiro de Política Social comparece na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para presentar as contas do seu departamento para o ano 2017
- O Goberno aproba o Real Decreto que eleva o Salario Mínimo Interprofesional un 8% ata os 707,70 euros mensuais en 2017
- Calendario laboral 2017
- Cadro de contías mínimas de pensións do Sistema da Seguridade Social para o ano 2017
- Días internacionais.

ESTATÍSTICAS

- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2016
- Pensións en vigor a 1 de decembro de 2016
- Pensións non contributivas

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Congresos, xornadas e cursos.
- Redes sociais: blogs.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.

Proxecto de
Orzamentos
2017

NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIÓNS

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2015

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2016. BdB. Boletín de
Bienestar, 2016

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral
de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-5-novembro-decembro-2016>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirla 4.0
España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

A entrada do novo ano, co incremento dun 4% no orzamento das políticas sociais desenvolvidas pola Consellería, veñen incidir na consolidación, por segundo ano consecutivo, das prestacións sociais dirixidas ás persoas máis desfavorecidas da sociedade. Boa proba disto dana a recompilación de novas deste novo número que se reflicten nunha aposta clara pola dinamización do rural a través das casas niño, a consolidación

e ampliación de beneficiarios da Tarxeta Benvida, a atención aos menores en risco de desprotección, a incorporación de novos usuarios ao servizo de libranzas no contorno familiar, a loita contra a pobreza e a exclusión a través da estratexia e a nova axenda social, o aumento das pensións non contributivas... Todas e cada unha delas co obxectivo de aumentar a calidade do servizo das ditas prestacións.



Feijóo garante a aposta pola dinamización do rural coa creación de 30 novas casas niño en 2017 e co obxectivo de que en 2020 todos os concellos teñan unha casa niño ou unha escola infantil

- ▶ **“Imos seguir traballando por dinamizar o rural con medidas tributarias, fiscais e sociais”, di, precisando que as 30 casas niño que se porán en marcha o ano que vén xa están incluídas nos orzamentos que se acaban de presentar**
- ▶ **Afirma que esas 30 novas casas niño sumaranse ás 30 que abrirán entre 2016 e os primeiros meses de 2017**
- ▶ **Subliña que para responder ao reto demográfico o ano próximo crecerá un 11% o orzamento destinado a familia e infancia, que pasará de 97 millóns de euros a máis de 107**

Cenlle (Ourense), 7 de decembro de 2016.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, garantiu o compromiso do Goberno galego por dinamizar o rural coa creación en 2017 de 30 novas casas niño e co obxectivo de que en 2020 todos

os concellos galegos teñan unha casa niño ou unha escola infantil. “Imos seguir traballando por dinamizar o rural con medidas tributarias, fiscais e sociais”, aseverou, precisando que as 30 casas niño que se porán en marcha o ano que vén xa están incluídas

nos orzamentos que se acaban de presentar e que se sumarán ás 30 que abrirán entre 2016 e os primeiros meses de 2017.

Durante unha visita á casa niño ‘A Brincadeira’ no concello ourensán de Cenlle, Feijóo asegurou que o Executivo autonómico seguirá respondendo ao reto demográfico e que en 2017 o orzamento destinado a familia e infancia crecerá un 11%, pasando de 97 millóns de euros a máis de 107. Ademais, tamén recordou que no curso 2015/16 se crearon case 2.000 novas prazas sostidas con fondos públicos.

O responsable do Goberno

galego referiuse ás casas niño como un exemplo da importancia de que a Xunta saiba identificar e apoie aqueles recursos e aquel capital humano que está dispoñible para contribuír ao avance do país. Así mesmo, lembrou que a finais de maio se lanzou unha liña de axudas por importe de 2,5 millóns de euros e se comezou a impartir formación a aquelas persoas interesadas en abrir unha casa niño. A resposta foi tan intensa como se esperaba e axiña se esgotou o crédito previsto.

Deste xeito, pouco máis de seis meses despois, xa son oito as casas niño que están

funcionando. Así, os pais e as nais dos concellos ourensáns de Baños de Molgas, Cenlle, Carballeira de Avia, Maside, Manzaneda e Leiro; de Frades, na Coruña; e de Castroverde, en Lugo, xa dispoñen dun servizo para que os seus fillos menores de 3 anos estean atendidos mentres eles traballan.

Así mesmo, explicou que cada casa niño proverá atención gratuíta a un máximo de cinco cativos nun horario flexible de luns a venres. "Polo tanto, o que estamos é demostrando que no rural hai resposta ás inquietudes

e á conciliación da vida laboral e familiar", abundou. Tamén fixo fincapé en que dinamizar o rural é apostar polo programa impostos cero, de tal xeito que para adquirir ou vender un predio non se paguen impostos; comprometer que a partir de xaneiro deste ano as familias numerosas, os mozos e as persoas con algunha discapacidade poidan comprar unha casa no rural sen ningún tipo de impostos e axudar neste 2016 a que máis de 600 mozos poidan emprender no eido agrogandeiro.



<http://www.pan.gal/>

pn XUNTA DE GALICIA

A vida nunca foi tan grande.

A vida nunca foi tan grande

PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE
En Galicia a vida nunca foi tan grande.

Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo díaz rúas, o pouquiño é a nova medida... Todo se mide en deditos, gottitas, culturaisías. Neste momento o mundo false máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande.

A Tarxeta Benvinda da Xunta cobre os gastos fundamentais durante o primeiro ano de vida do teu fillo ou filla.

Unha pequena gran axuda para comezar, un gran apoio para medrar

TARXETA BENVINDA
QUE AJUDE PARA OS GASTOS FUNDAMENTAIS O 1º ANO

▶ QUE É A TARXETA BENVINDA?
▶ QUE PODO MERCAR E ONDE?
▶ CÓMO SOLICITO A TARXETA BENVINDA?

Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia. Suscricións e queixas | Atención ao cliente

galicia



Feijóo destaca a consolidación da Tarxeta Benvinda cunha achega inicial de 18 millóns en 2017 para incluír máis produtos e ampliar os beneficiarios

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.- O presidente do Executivo galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou a consolidación da Tarxeta Benvinda, cunha achega inicial de 18 millóns en 2017 para incluír máis produtos e ampliar os beneficiarios.

Feijóo avanzou na rolda de prensa do Consello que ás máis de 12.600 familias que xa son usuarias desta tarxeta, estímase que se van sumar outras 15.000 no próximo ano. Ao que engadiu que ademais dun incremento cuantitativo, esta iniciativa contará tamén con importantes melloras, ampliando tanto os supostos que dan dereito á axuda, como os lugares e produtos incluídos no programa.

En relación á ampliación de supostos, o titular da Xunta incidiu

en que ademais das familias que no ano 2017 teñan un fillo ou adopten un neno menor dun ano, tamén se poderán beneficiar da Tarxeta Benvinda aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno menor dun ano.

Así mesmo, explicou que tamén se aumentarán os lugares onde se pode utilizar a tarxeta, sumándose os establecementos de puericultura ou os especializados en artigos e produtos para a infancia ás farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación da convocatoria anterior.

Cómpre recordar que a contía total da axuda, como ata o de agora, ascende a 1.200 euros, a razón de 100 euros mensuais durante o primeiro ano de vida do bebé.

- ▶ Avanza que ás máis de 12.600 familias que xa son usuarias desta tarxeta, estímase que se van sumar outras 15.000 no próximo ano
- ▶ Precisa que ademais das familias que no ano 2017 teñan un fillo ou adopten un neno menor dun ano, tamén se poderán beneficiar da Tarxeta Benvinda aquelas que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno menor dun ano
- ▶ Tamén se aumentarán os lugares onde se pode utilizar a tarxeta, sumándose os establecementos de puericultura ou os especializados en artigos e produtos para a infancia ás farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación da convocatoria anterior
- ▶ Lembra que esta axuda é compatible coas prestacións por fillo menor de 3 anos ao cargo e a exención de pago nas escolas infantís para familias que teñan xa outro fillo no mesmo centro, co Bono Concilia, co Bono Coidado, co incremento de prazas públicas en escolas infantís para nenos/as de 0 a 3 anos e coas Casas Niño no rural

Durante a súa intervención, o responsable autonómico lembrou que esta axuda é compatible coas prestacións por fillo menor de 3 anos ao cargo e a exención de pago nas escolas infantís para

familias que teñan xa outro fillo no mesmo centro, co Bono Concilia, co Bono Coidado, co incremento de prazas públicas en escolas infantís para nenos/as de 0 a 3 anos e coas Casas Niño no rural.

A Xunta de Galicia, a Fiscalía e a Delegación do Goberno asinan un protocolo para mellorar a coordinación e axilizar a atención aos menores estranxeiros en risco de desprotección

- ▶ O documento establece os mecanismos de coordinación desde que se localiza o menor ata a súa identificación, determinación da idade e posta á disposición dos servizos de protección de menores
- ▶ A Administración autonómica ten baixo a súa tutela en centros de titularidade pública máis de 60 menores estranxeiros non acompañados, cuxos países de orixe son principalmente: Marrocos, Colombia, Brasil, República Dominicana e Romanía
- ▶ O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela explicou que estes nenos e nenas reciben nos centros os mesmos servizos e atencións que o resto dos menores internados: titorías, apoio e seguimento escolar, atención sanitaria, actividades de ocio e tempo libre.; xa que o obxectivo é que "estean sempre ben atendidos, nun contorno agradable e favorable para que poidan seguir desenvolvendo e medrando, a pesar das difíciles circunstancias que viviron e aínda viven polo feito de estar solos"
- ▶ O conselleiro de Sanidade sinalou que en cada hospital principal das 7 cidades galegas se realizarán as probas médicas necesarias para eliminar a inseguridade sobre a minoría de idade do estranxeiro afectado



pero apuntou que "dende a Consellería traballamos con máis escenarios que o internamento e a nosa prioridade é que estes menores tamén dispoñan dunha familia de acollemento, aínda que non sempre é posible". "En calquera caso o obxectivo é que estes nenos e nenas estean sempre ben atendidos, nun contorno agradable e o favorable para que se poidan seguir desenvolvendo e medrando, a pesar das difíciles circunstancias que moitos deles viviron ou que aínda viven polo feito de estar sos", concluíu.

Pola súa parte, o conselleiro de Sanidade manifestou que o seu departamento quere traballar conxuntamente para evitar calquera risco de desprotección do menor. Así, asumimos a obriga de realizar as probas de determinación da idade e os correspondentes ditames periciais que se requiran, previo consentimento informado da persoa, por persoal médico especializado na materia. Ademais, en cada centro médico habilitaranse dependencias axeitadas para a estancia do presunto menor, mentres se lle realiza a correspondente proba de determinación da idade, remarcou Almuiña.

Segundo o titular da carteira sanitaria, os centros hospitalarios de referencia para levar a cabo as

probas de determinación da idade serán os hospitais principais das sete cidades de Galicia.

Para rematar a súa intervención salientou, no que se refire á asistencia sanitaria a estes mozos e mozas, que en Galicia contamos para garantila co Programa de atención aos menores estranxeiros, que teñen acceso directo ao sistema sanitario público de acordo co previsto no RD 16/2012, 6.243 menores están baixo esta cobertura na actualidade.

Menor non acompañado

Enténdese por menor non acompañado (Mena) a persoa estranxeira menor de 18 anos que sexa nacional dun estado ao que non lle sexa aplicable o réxime da Unión Europea e que chegue a territorio español sen un adulto responsable dela, apreciándose risco de desprotección do menor, así como calquera menor estranxeiro que, unha vez en España, se atope nesa situación.

O protocolo aplicarase tamén aos menores en situación de risco por teren entrado de maneira clandestina ou subrepticia en territorio nacional en unión dun adulto que, aparentando ser proxenitor, parente ou responsable do neno, non achegue documentación veraz ou fiable

diversa, sendo os principais países de orixe Marrocos, Colombia, República Dominicana, Brasil e Romanía.

O titular da carteira de Política Social subliñou que "a atención á infancia en xeral e, en particular, aos menores en risco de desprotección social, sexa cal sexa a súa orixe e situación administrativa, é unhas das responsabilidades prioritarias da Xunta de Galicia". Neste sentido, explicou que estes menores son acollidos en centros de titularidade autonómica xunto con outros mozos e mozas que atravesan unha situación de desamparo e onde acceden aos mesmos servizos. Así, os menores reciben apoio de titores e contan con seguimento escolar; ademais de dispoñer de atención sanitaria e participar nas actividades de ocio, tempo libre e culturais que organizan os profesionais responsables dos centros de menores que dependen da Consellería.

Ademais, Rey Varela explicou que a día de hoxe ningún dos menores que están baixo tutela da Xunta de Galicia participa en programas de acollemento,

A Coruña, 21 de decembro de 2016.- Os conselleiros de Política Social e Sanidade, José Manuel Rey Varela e Jesús Vázquez Almuiña, respectivamente; o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes; e o delegado do Goberno, Santiago Villanueva, asinaron un protocolo de colaboración sobre menores estranxeiros non acompañados (Mena), en desenvolvemento do documento marco asinado entre o Goberno de España e a Fiscalía Xeral do Estado.

O obxectivo do protocolo Mena é coordinar a intervención de todas as institucións e administracións afectadas, desde a localización do menor ou suposto menor estranxeiro ata a súa identificación, determinación da súa idade e posta á disposición do servizo público de protección de menores. Nos últimos dous anos tramitáronse nas diferentes fiscalías de Galicia un total de 30 expedientes de menores estranxeiros non acompañados; e na actualidade existen máis de 60 menores con estas características baixo a tutela da Administración autonómica de procedencia moi

do vínculo alegado, e ademais se aprecie un perigo obxectivo para a protección integral do menor.

O seu ámbito de actuación tamén contempla aos menores estranxeiros que se achen en situación patente de desamparo ou desprotección, sinaladamente por padeceren risco de sometemento a redes de trata de seres humanos, así como aos estranxeiros que se achen como polisóns a bordo dun buque ou aeronave que se encontre nun porto ou aeroporto galego.

Procedementos

O documento inclúe todos os procedementos que deben seguir as institucións implicadas para a protección do menor nos diversos supostos que poidan producirse, como por exemplo se o menor é vítima de trata, cando participou na comisión dalgún delito ou no caso de que a súa minoría de idade sexa dubidosa.

Todo menor estranxeiro non acompañado que fose localizado en territorio da comunidade autónoma será obxecto de reseña policial e posteriormente pasará a inscribirse no Rexistro Mena e asignaráselle un número de identificación de estranxeiro (Nie). Ademais de informarlle dos seus dereitos, en idioma que poida comprender, ben polos funcionarios policiais ou polo persoal dos servizos de menores da Xunta de Galicia.

A inscrición no rexistro e o documento identificativo servirán para que o menor poida obter unha tarxeta sanitaria, con plenos efectos, dos servizos autonómicos de saúde, que se lle entregará no prazo máis breve posible.

No caso de que a idade do menor localizado sexa indubidosa, será entregado de inmediato aos servizos de menores da Xunta de Galicia. En caso contrario, iniciarase o protocolo de probas médicas para determinar a idade. De todos os xeitos, se entre as circunstancias concorrentes se acharen indicadores de que o

menor pode ser vítima de trata, prevalecerá a presunción de minoría de idade e adoptaranse as medidas de protección inmediatas.

Supervisión do Ministerio Fiscal

Todos os trámites deben ser comunicados e supervisados polo Ministerio Fiscal que, ao final do proceso de determinación de idade, decretará que o menor sexa posto á disposición dos servizos de menores da Xunta de Galicia.

Estes servizos deben realizar coa maior celeridade os trámites para a solicitude de autorización de residencia. Transcorrido o prazo máximo de nove meses dende a posta á disposición do Mena, e sexa cal for o estado de tramitación, a Subdelegación do Goberno outorgará a autorización de residencia.

O protocolo tamén contempla as condicións de garda e tutela do Mena, por parte da Xunta de Galicia, cuxos servizos deben realizar, entre outras obrigas, as indagacións necesarias co obxecto de constatar se é posible reagrupar o Mena coa súa familia no seu país de orixe ou onde esta resida.

Cada mes, os servizos autonómicos deberán remitir ao Ministerio Fiscal, así como á correspondente Subdelegación do Goberno, unha listaxe dos menores que se atopan baixo o seu réxime de protección e as cuestións relevantes sobre a súa situación.

O protocolo contempla un apartado específico para os menores que se atopan en situación de risco con medidas de prevención para a trata de seres humanos e contra a utilización de menores. Establécense garantías de seguridade específicas, como por exemplo, de considerarse necesario, o afastamento xeográfico do ámbito en que o menor estaba sendo sometido a situación de explotación ou trata.

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/estadistica-de-proteccion-de-menores/>



Operación estatística n.º 25-601

XUNTA DE GALICIA

<http://www.familiasgalegas.org/>

ACCESIBILIDADE MAPA DO PORTAL CONTACTO

FAMILIAS hoxe

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

INICIO PREGUNTAS FRECUENTES AXUDAS E SUBVENCIÓNS DOCUMENTACIÓN NOVAS / AVISOS GUÍA DE COMUNICACIÓN

Descubride connosco todas as vantaxes e innovacións que poñemos ao voso alcance.

As vosas familias, as familias de hoxe!

- * GUÍA DE RECURSOS PARA AS FAMILIAS
- * MEDIACIÓN FAMILIAR
- * MEDIACIÓN INTRAJUDICIAL
- * PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR
- * GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR
- * AXUDAS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS
- * PRESTACIÓN ECONÓMICA POR FILLO/O MENOR 3 ANOS
- * ADXUDICACIÓN PRAZAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3
- * RESIDENCIAS TEMPO LIBRE

TRÁMITES

- Renovación Carné Familiar Galego
- Mediación Familiar

GUÍA DE COMUNICACIÓN

- Gabinetes de Orientación Familiar
- Puntos de Encontro Familiar
- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais
- Rede de escolas infantís de Galicia
- Residencias de tempo libre

Ver máis...

Profesionais PEF

PREGUNTAS FRECUENTES AXUDAS E SUBVENCIÓNS DOCUMENTACIÓN NOVAS / AVISOS

Actualidade

Feijóo anuncia a incorporación de 775 novos usuarios ao servizo de libranzas, consolidando unha cobertura de persoas dependentes por riba da media estatal

- ▶ En Galicia o 73% das persoas con dereito a acceder á Lei de dependencia teñeno recoñecido, fronte a un 71% a nivel nacional
- ▶ Recorda que o 76% das persoas incluídas no sistema de dependencia reciben atención profesional
- ▶ 55 das persoas que se unen ás libranzas percibirán máis de 130.000 euros pola retroactividade da prestación

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2016.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a incorporación de 775 persoas ao sistema de libranzas no contorno familiar, que se suman ás 48.300 que xa están a ser atendidas a través do Sistema de atención á dependencia. Ademais, recordou que máis do 76% dos usuarios do sistema reciben atención profesional, dez puntos por riba da media estatal.

Das persoas que se unen ao sistema de libranzas —que permite que persoas dependentes sexan atendidas no seu domicilio por

un servizo non profesional—, 55 teñen recoñecida a retroactividade da prestación, o que supón que perciban máis de 130.000 euros, entre o correspondente aos anos pasados e a este.

Hoxe, xa hai case 5.000 persoas que se benefician de dispositivos de teleasistencia e xeolocalizadores, vinte veces máis que en 2009; 14.100 persoas con praza pública en residencias e centros de día, un 80% máis que en 2009; 16.500 persoas que reciben o servizo de axuda no fogar, o cuádruplo que hai sete anos, e máis de 17.300 dependentes atendidos

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/dependencia/que-e-a-dependencia>

The screenshot shows the 'Portal de Benestar' website. The main navigation bar includes 'Inicio', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Suxestións e queixas', 'Accesibilidade', and 'GALEGO | CASTELLANO'. The 'XUNTA DE GALICIA' logo is visible. The main content area is titled 'Dependencia' and 'Que é a dependencia?'. It explains that dependency is a permanent state of character where individuals, due to age, illness, or disability, lose autonomy. It lists criteria for dependency: 1) Existence of a limitation in physical, intellectual, or sensory capacities; 2) Inability to perform essential daily activities; 3) Necessity of third-party assistance. It also mentions that dependency can affect anyone, regardless of age, sex, or social status, and that it can be related to various documents like Decree 15/2010.

a través das libranzas, un 70% máis que en 2009. “Situámonos por primeira vez por riba da media do Estado en canto á atención das

persoas que teñen dereito a acceder á Lei de dependencia: estamos no 73% fronte ao 71% nacional”, concluíu.

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade visita os participantes do programa Xuntos polo Nadal na residencia de tempo libre do Carballiño

- ▶ O obxectivo desta iniciativa é que persoas maiores de máis de 60 anos da nosa comunidade non pasen soas estas datas
- ▶ O desenvolvemento deste programa, posto en marcha pola Consellería de Política Social, conta coa implicación de voluntariado que acompaña e colabora nas actividades lúdicas que teñen lugar durante a convivencia

O Carballiño (Ourense), 23 de decembro de 2016.- A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez, visitou a Residencia de Tempo Libre do Carballiño onde estivo cos participantes no programa “Xuntos polo Nadal”, que comezan a súa convivencia de once días neste centro de titularidade autonómica. A directora xeral estivo acompañada da delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Díaz Mouteira.

A Consellería de Política Social está a desenvolver un ano máis o programa “Xuntos polo

Nadal”, facendo posible que un total de 240 persoas maiores que se atopan soas poidan pasar estas datas, entrañables e cun marcado carácter familiar, acompañadas doutras que se atopan na mesma situación. Esta iniciativa, organizada pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, vai dirixida a persoas de máis de 60 anos que viven soas e que queren convivir dende hoxe ata o vindeiro día 2 de xaneiro nas residencias de tempo libre do Carballiño, en Ourense; e de Panxón, no municipio pontevedrés de Nigrán.

En concreto, o centro do



Carballiño (Ourense) acolle 120 maiores que teñen o seu domicilio nas provincias de Pontevedra e Lugo; mentres que na residencia de Panxón (Pontevedra) participan outras 120 persoas con domicilio nas provincias da Coruña e Ourense.

Voluntariado

O desenvolvemento de “Xuntos polo Nadal” conta coa implicación de voluntariado, grazas a implicación no programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Na edición deste ano participarán

un total de 16 persoas repartidas entre as residencias de Panxón e O Carballiño, que proporcionarán apoio e acompañamento aos maiores, e ademais colaborarán nas actividades lúdicas que terán lugar en ambos os centros.

Os participantes gozan de aloxamento e manutención en réxime de pensión completa, así como do desprazamento en autobús ata as residencias e a viaxe de regreso. Ademais, ao abeiro desta iniciativa realizaranse numerosas actividades lúdicas e de animación sociocultural durante os días nos que transcorre a convivencia.

Rey Varela aposta por afondar na política que permitiu superar o resto de comunidades na atención a maiores e dependencia na toma de posesión da nova directora xeral

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, destacou esta mañá o balance da atención ás persoas maiores e á dependencia nos últimos oito anos do que destacou ser “números bos” e que Galicia supera xa o resto de comunidades autónomas de España nesta materia. Do mesmo xeito, o conselleiro valorou tamén os avances de Política Social “no que se fixo de fondo”. “A política social non poden ser palabras porque a política social ten unha complexidade técnica e unha complexidade de alma moi superior á política económica, urbanística ou do medio ambiente”, engadiu e salientou respecto ás liñas de traballo e estratexias da Dirección Xeral que “definíronse carteiras de servizos pensando na persoa, que é o obxectivo da Consellería de Política Social”.

Así o fixo na toma de posesión da nova directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fabiola García Martínez, que tivo lugar na sala de xuntas da Consellería. Nas súas verbas, o conselleiro agradeceu o traballo á directora xeral saínte, Coro Piñeiro, “que durante oito anos difíciles foi quen de asentar os piares dunha nova política social especialmente nesta área de maiores e persoas con discapacidade”.

No que respecta á nova directora xeral o conselleiro animou a Fabiola García que “xa está á disposición das persoas en Galicia”. Rey Varela valorou da nova responsable da carteira de Maiores e Persoas con Discapacidade a súa “capacidade académica, de relacionarse e de tomar decisións que son capacidades importantes para conseguir o obxectivo que temos marcado”. “Lograremos seguir afondando nunha política social que necesita Galicia pero

que sobre todo necesitan os galegos e as galegas”, concluíu.

“Esforzo, perseveranza e propósito de servir do mellor xeito os galegos”

Pola súa banda, Fabiola García agradeceu ao conselleiro de Política Social a súa confianza á que “espero responder sempre co meu esforzo, con perseveranza e co propósito de servir sempre do mellor xeito posible todas as galegas e galegos tan importantes como son os maiores e as persoas con discapacidade”.

A nova directora xeral agradeceu tamén o traballo da súa predecesora, Coro Piñeiro, a que definiu como un “referente para calquera persoa que queira desempeñar ben o seu labor”. Fabiola García falou tamén da súa experiencia como primeira tenente de alcalde do Concello de Ribeira e do trato diario e constante que dispensaba aos veciños da localidade, unha experiencia que dixo “traerei aquí para facer como é debido o meu traballo e para intentar ser sempre consciente que detrás de cada unha das cousas que temos que facer cada día hai unha persoa ou unha familia”. Por último, a

- ▶ **Valora da nova responsable da carteira de Maiores e Persoas con Discapacidade a súa “capacidade académica, de relacionarse e de tomar decisións que son capacidades importantes para conseguir o obxectivo que temos marcado”**
- ▶ **Fabiola García agradeceu ao conselleiro a súa confianza á que “espero responder sempre co meu esforzo, con perseveranza e co propósito de servir sempre do mellor xeito posible a todas as galegas e galegos tan importantes como son os maiores e as persoas con discapacidade”**
- ▶ **A nova directora xeral mostrou a súa vontade de “tratar diariamente e permanentemente, así como ter contacto con todos os colectivos, asociacións ou centros que fan un labor máis que indispensable”**

nova directora xeral mostrou a súa vontade de “tratar diariamente e permanentemente, así como ter contacto con todos os colectivos, asociacións ou centros que fan un labor máis que indispensable”.

O Consello da Xunta aprobou o pasado venres o nomeamento de Fabiola García Martínez como directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade en substitución de Coro Piñeiro Vázquez, que cesa no cargo a petición propia. García Martínez, de 31 anos de idade e natural de Ribeira, é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), Máster en Dereito Empresarial polo Centro de Estudos Garrigues e diploma en English for Academic Purposes (EAP) pola University College London.

Dende xuño de 2015 é primeira tenente alcalde do Concello de Ribeira e concelleira de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá, así como de Promoción e Dinamización Económica e Cultura. Asemade, e antes de formar parte da corporación municipal ribeirense, tivo experiencia na Xunta de Galicia dende xuño de 2009. Primeiro como asesora parlamentaria da Consellería de Facenda e, posteriormente, no gabinete da Consellería de Economía e Industria e máis recentemente na Vicepresidencia. Con anterioridade, Fabiola García tamén traballou no sector privado. Concretamente no departamento de Dereito Fiscal da firma de avogados DLA PIPER.



Rey Varela destaca a Estratexia de inclusión e a nova Axenda Social de Galicia como dous piares fundamentais para loitar contra a pobreza e a exclusión

- ▶ O conselleiro de Política Social defendeu no Parlamento as medidas da Xunta de Galicia para atender as necesidades das familias con menos recursos
- ▶ O responsable da área social da Xunta avogou por aprofundar na colaboración e cooperación entre administracións e coas organizacións que desenvolven a súa actividade neste ámbito
- ▶ Entre outras medidas, Rey Varela destacou o reforzamento económico da RISGA, das ordes de subvención a corporacións locais e entidades de iniciativa social e dos equipos profesionais dos servizos sociais comunitarios

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, sinalou na Cámara autonómica que a loita contra a pobreza e a exclusión seguirá a constituír un dos obxectivos prioritarios do conxunto do Goberno galego, para o que avogou por profundar na colaboración coas distintas administracións, axentes, entidades e institucións que desenvolven a súa actividade no ámbito social. En resposta a unha interpelación parlamentaria, Rey Varela detallou as principais actuacións da Administración autonómica neste eido ao longo de 2016, as cales responden á Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020 e á nova Axenda Social de Galicia.


Así, o titular de Política Social destacou na súa intervención o reforzo orzamentario da Renda de inclusión social de Galicia (Risga), cun orzamento de 52,7 millóns de euros. Este montante practicamente multiplica por dous a consignación reservada para esta finalidade en 2009, que foron 22,7 millóns de euros. "Ademais de facer este esforzo económico para que ningunha persoa que a precise quede sen esta prestación, tamén actuamos para axilizar os tempos de tramitación, cumprindo deste xeito o prazo de resolución que marca a Lei de inclusión", apuntou Rey Varela. Así mesmo, outra prestación económica directa

que abordou o conselleiro foi o complemento para os titulares de pensións non contributivas (PNC), dotado con 9,5 millóns de euros e do que se benefician máis de 40.000 persoas.

No seu discurso, Rey Varela referiuse tamén ás melloras introducidas nas ordes de subvencións plurianuais de inclusión social dirixidas tanto ás entidades como aos concellos, e que nas convocatorias deste exercicio contaron con maior dotación económica e con novidades coa finalidade de ampliar o campo de actuación dos programas que estas financian, así como o número dos destinatarios. Así, a última convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social para o período 2016-2017 ascendeu a 8,4 millóns de euros, cunha subida do 61% en comparación coa anterior edición; e incluíu unha nova liña de actuación para investimentos en centros de inclusión e emerxencia social.

No que atinxe á orde de subvencións a corporacións locais para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social, a convocatoria deste ano reserva máis de 5 millóns de euros, o dobre que no exercicio anterior; e ademais de ampliarse a poboación destinataria incluíndo persoas que, non contando cos requisitos para ser preceptor da RISGA, estean nunha situación de vulnerabilidade, engadíronse dúas novas

http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estratexia_inclusion_social_galicia_2014-2020_version_2016_gal.pdf



http://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=929704&name=DLFE-26403.pdf



liñas de axuda dirixidas a centros de emerxencia e a programas complementarios de educación e apoio familiar.

Nesta liña de cooperación coas administracións locais, o conselleiro fixo fincapé no reforzamento dos servizos sociais comunitarios que prestan as entidades locais, cun investimento adicional de preto de 2 millóns de euros para o financiamento

e o reforzo destes servizos, coa incorporación dun centenar de novos profesionais.

Outras medidas

Rey Varela tamén abordou outras accións contra a pobreza en que, ademais doutras institucións e dos concellos, participan varios departamentos autonómicos; e que se atopan recollidas na nova Axenda Social de Galicia.



O conselleiro de Política Social defendeu no Parlamento as medidas da Xunta de Galicia para atender ás necesidades das familias con menos recursos

A Xunta aproba un ano máis o complemento extraordinario de máis de 200 euros para os preto de 40.000 perceptores de pensións non contributivas

► **Subliña que se ingresará de oficio a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos, nun pagamento único nos primeiros dez días do mes de xaneiro**

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou a aprobación do complemento extraordinario de 206 euros para os perceptores de pensións non contributivas da Seguridade Social, no cal o Goberno galego investirá case 8,2 millóns de euros. Un complemento que, segundo precisou, chegará a arredor de 40.000 persoas, entre perceptores de pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do Subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Na rolda de prensa do Consello, Feijóo afirmou que esta axuda, que se ingresará de oficio a todos os beneficiarios que reúnan os requisitos, nun pagamento único en xaneiro e sen necesidade de efectuar

solicitudes ou levar a cabo ningún trámite adicional, beneficiará un colectivo que o necesita moi especialmente. Cómpre sinalar que é Galicia a comunidade que complementa co importe máis elevado a cada pensionista.

Máis polo miúdo, esta achega beneficiará os pensionistas de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas e as persoas con minusvalidez que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos. "Todos eles, arredor de 40.000 persoas, percibirán este complemento nos primeiros dez días do mes de xaneiro", precisou, ao que engadiu que manter este complemento seguirá a ser unha das prioridades do Goberno galego.

En concreto, Rey Varela mencionou medidas postas en marcha para previr os desafuzamentos e contra a pobreza enerxética. Entre as primeiras, que contan coa implicación da área de Infraestruturas e Vivenda, sinalou o convenio de colaboración co Consello do Poder Xudicial e a FEGAMP; o programa Reconduce, con 428 familias atendidas no que levamos de exercicio; ou os acordos subscritos con entidades financeiras para que non se produzan desaloxos de vivendas por procesos de execución hipotecaria.

En canto ao apoio da Xunta de Galicia ás familias para combater a pobreza enerxética, Rey Varela referiuse ao ticket eléctrico social e a outra medida orientada a evitar os cortes de subministración eléctrica por impago, activada este ano pola Consellería de Economía e Industria e que permite cubrir o custo de dúas mensualidades ao ano por fogar

garantindo desta maneira un servizo básico.

Datos de pobreza

Durante a comparecencia parlamentaria, o Conselleiro de Política Social apuntou que os datos de pobreza e risco de pobreza en Galicia son mellores que no resto de España. Así, a taxa AROPE na nosa Comunidade está tres puntos por debaixo da media estatal: o 25,7% fronte o 28,6%. Igualmente, o INE sitúa a Galicia case tres puntos por debaixo da media estatal: 19,4% fronte ao 22,1%.

En calquera caso, Rey Varela insistiu en que "non é suficiente con ter uns indicadores máis favorables que o resto do Estado", polo que instou a "seguir traballando entre todos para instaurar unha rede de protección para as persoas que o están pasando mal, xa que mentres unha soa persoa estea en risco de pobreza ou exclusión non poderemos estar satisfeitos".

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/pensions-non-contributivas>

The screenshot shows the website interface for 'Política Social'. The main navigation includes 'Inicio', 'Mapa do portal', 'Contacto', 'Suxestións e queixas', 'Accesibilidade', and 'GALEGO | CASTELLANO'. The 'Política Social' menu is expanded to show 'Consellería', 'Sala de comunicación', 'Recursos', and 'Temas'. The main content area is titled 'Pensións non contributivas de invalidez e xubilación' and includes a sub-section 'PRESTACIÓNS' with a description: 'As pensións non contributivas de invalidez e xubilación aseguran a todos os cidadáns e en estado de necesidade unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuita e servizos sociais complementarios, aínda que non se cotizara ou se fixera de forma insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.' Below this, there is a 'Normativa' section listing several decrees and orders.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161230/AnuncioG0425-281216-0005_gl.pdf

José Manuel Rey Varela clausura o Xuventude Crea 2016, que contou coa participación de máis de 300 mozos en 241 proxectos

- ▶ Este certame está composto por doce disciplinas a través das que "tentamos chegar a todos aqueles ámbitos que chaman a atención da xuventude e nos que a mocidade queira expresar a súa forma de ser e de sentir", afirma o titular autonómico
- ▶ Sinala como tarefa da Xunta de Galicia "outorgarlle aos mozos e ás mozas as vías e o apoio institucional necesarias para desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades"

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e de numerosos membros do Goberno galego, presidiu a gala final de entrega de premios do certame Xuventude Crea 2016, o que definiu como "a maior manifestación das posibilidades creativas da mocidade galega". A iniciativa organizada pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, contou coa participación de máis de 300 mozos e mozas galegos ou residentes en Galicia que levaron a cabo 241 proxectos individuais ou colectivos.

No evento, que tivo lugar no edificio Centro de Innovación Cultural da Cidade de Cultura de

Galicia, o conselleiro asegurou que a xuventude é "o principal activo de Galicia". "O futuro da nosa economía, o vehículo da nosa cultura e a esperanza da nosa demografía", abundou. Por iso, o titular da área social insistiu na importancia de "fomentar e estimular a xuventude que conta con valores dabondo para facer grandes cousas no mundo".

Neste sentido, Rey Varela sinalou como tarefa da Xunta de Galicia "outorgarlle aos mozos e ás mozas as vías e o apoio institucional necesarias para desenvolver os seus valores, capacidades e habilidades". A través de proxectos como o Xuventude Crea, dixo o conselleiro, "damos acceso ás plataformas nas que manifestan a súa inquedanza artística e cultural mentres fomentamos a creatividade para que brille o talento da nosa xuventude".



Xuventude Crea insíbese no Plan estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016, que ten como un dos seus eixos principais

o fomento da creatividade e o espírito empresarial e propón 22 medidas concretas para seguir avanzando neste eido.

<http://xuventude.xunta.es/>

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

O conselleiro de Política Social comparece na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos para presentar as contas do seu departamento para o ano 2017

O orzamento da Consellería de Política Social ascende para o ano 2017 a 643.519.727 euros, o que supón un incremento do 4 % con respecto aos 618.541.640 euros de 2016. A distribución por capítulos do orzamento de 2017 é a seguinte:

Capítulo I	Gastos de persoal	123.358.730
Capítulo II	Gastos correntes bens e servizos	187.031.430
Capítulo IV	Transferencias correntes	314.051.695
Capítulo VI	Investimentos reais	6.448.791
Capítulo VII	Transferencias de capital	12.629.081
Total		643.519.727



A distribución dos créditos por programas é a seguinte:

Dirección e servizos xerais de promoción social	39.916.681	
Protección e inserción social	72.907.146	
Programas de prestacións ás familias e á infancia	122.773.813	
Servizos sociais relativos ás migracións	1.119.080	
Programa de Atención á dependencia	338.238.420	
Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia para Persoas con Discapacidade	27.893.734	
Programas de Solidariedade	1.161.370	
Servizos á Xuventude	14.245.060	
Servizos sociais comunitarios	25.264.423	
Total		643.519.727

A distribución por servizos do orzamento da consellería é a seguinte:

Secretaría Xeral Técnica	22.119.065	
Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica	123.398.813	
Dirección Xeral de Inclusión Social	106.986.145	
Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade	375.609.274	
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado	15.406.430	
Total		643.519.727

http://www.conselleriadefacenda.es/orzamentos/2017/PR/LEI_II_V2_FR03.PDF



Actualidade

O Goberno aproba o Real decreto que eleva o salario mínimo interprofesional un 8% ata os 707,70 euros mensuais en 2017

- ▶ Responde á mellora das condicións xerais da economía, compasando a evolución dos salarios co proceso de recuperación do emprego


<http://www.boe.es/boe/dias/2016/12/31/pdfs/BOE-A-2016-12598.pdf>

